

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 25 DE AGOSTO DE 2010

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e cinco de agosto deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DONA LUISA MARÍA ZARZUELA GONZÁLEZ, DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPEÑO GARCÍA, DON JOSÉ RÁBADE ARIAS e DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO; e a membro da Xunta de Goberno Local que non ten a condición de concelleira, DONA MARÍA NOVO PENA. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Doposo García, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don Luis Regal Pavón, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ó día 18 de agosto de 2010.

ÁREA DE URBANISMO

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase conceder a licenza para acondicionamento de local de planta baixa para uso de café, na edificación sita na rúa do Miño, números 2-4, esquina rúa Nova.

2. PLANEAMENTO.- Acordase aprobar definitivamente o proxecto de compensación do sector de SUNP “NORTE-I” (Saamasas) do PXOU vixente.

ÁREA DE ECONOMÍA E EMPREGO

3. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acórdase aprobar a revisión de prezos para actualización do contrato subscrito pola concesión de limpeza viaria, recollida de residuos e transporte para o seu tratamento, correspondentes ó canon contractual para o período comprendido entre o 1 de xullo de 2010 e o 30 de xuño de 2011, á ampliación do servizo de recollida no convenio de data 03/02/99 para o período entre o 1 de febreiro de 2010 a 31 de xaneiro de 2011, á ampliación de servizo de recollida no convenio de data 02/09/02 dende o 1 de xaneiro a 31 de decembro de 2010 e á ampliación

ACTAS E GOBERNO

LRP/mbfc

Ref#: 250810_XuntadeGobernoLocal.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 25-8-2010

de diferentes servizos de limpeza e recollida que entrou en vigor o 1 de abril de 2007 para o período que vai do 1 de abril de 2010 ó 31 de marzo de 2011.

Acórdase adxudicar provisionalmente a contratación da execución do programa de intervención e pedagóxico “Aprende xogando”.

Acórdase aprobar o proxecto modificado de obras de urbanización da parcela destinada a novo hospital de Lugo e a súa adxudicación.

Así mesmo, acórdase aprobar o proxecto técnico e o prego de cláusulas administrativas particulares, así como o gasto, e a convocatoria de licitación para a adxudicación por procedemento negociado para a contratación das obras correspondentes ó plan de sinalización horizontal da cidade de Lugo (ano 2010).

Lugo, 25 de agosto de 2010
O CONCELLEIRO-SECRETARIO,

Asdo.: Lino José González-Dopeso García